

## ANUNCIO APROBACIÓN PAGAMENTO AXUDAS PEL REACTIVA

Por medio do presente anuncio poño no seu coñecemento que a Xunta de Goberno Local do Concello de Abegondo, na sesión ordinaria realizada o día 27/04/2021, aprobou o pagamento das subvencións concedidas polo Concello de Abegondo ao abeiro da convocatoria do Fondo de financiamento para a reactivación económica e social (programa PEL REACTIVA).

Deuse conta da proposta que se transcribe literalmente e logo do debate foi aprobada por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local.

“**ASUNTO:** APROBACIÓN DO PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLO CONCELLO DE ABEGONDO AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA (PEL-REACTIVA), INTEGRADO NO PLAN DE EMPREGO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

**EXPEDIENTE:** 2021/A002/000001 - 2021/G006/000095

**PRIMEIRO.** Por medio da Resolución da Presidencia da Deputación da Coruña núm. 2020/23462, publicada no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP) da Coruña núm. 123 do mércores, 5 de agosto de 2020, aprobáronse as bases reguladoras das axudas PEL- REACTIVA: Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña destinado aos concellos de menos de 50.000 habitantes (modificada por Resolución núm. 2020/23462 do 31 de xullo de 2010, publicada no BOP núm. 128 do mércores, 12 de agosto).

A través do decreto da Alcaldía núm. 420/2020 do 29/09/2020, o Concello de Abegondo acepta as bases e a convocatoria do Programa PEL REACTIVA e as obrigas e os compromisos que nelas se inclúen, adheríndose ao antedito programa, de acordo coas contías, obrigas e compromisos nel establecidas.

**SEGUNDO.** Logo da Resolución número 2020/32931 de concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa PEL-REACTIVA, publicada no BOP núm. 181 do mércores, 28 de outubro de 2020, o Concello de Abegondo, a través do decreto da Alcaldía núm. 484/2020 do 03/11/2020, acepta a concesión definitiva dunha subvención por importe de 69.769,70 € correspondente ao programa PEL REACTIVA: Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña, integrado no Plan De Emprego da Deputación da Coruña (expte. 2020000032991).

O Concello de Abegondo realizou unha achega de 37.730,30 € con cargo ao orzamento municipal do exercicio 2020, ascendendo o importe total desta convocatoria de axudas ou subvencións á cantidade de cento sete mil cincocentos euros (107.500,00 €).

Tamén se resolveu aprobar a convocatoria específica das axudas ou subvencións do Concello de Abegondo, adherido ao devandito Fondo de Financiamento. As bases inclúense como anexo e son as bases específicas reguladoras das axudas ou subvencións do Concello de Abegondo, conforme quedaron determinadas pola Deputación da Coruña na norma 18 (Bases específicas reguladoras das axudas de concellos adheridos ao Fondo de Financiamento para a reactivación económica e social da provincia).

**TERCEIRO.** O extracto da convocatoria de bases específicas reguladoras das axudas do Concello de Abegondo, publicado no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 189 do luns, 9 de novembro de 2020, establecía o prazo de



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)



Deputación  
DA CORUÑA  
Plan de  
Emprego Local  
**PEL**

presentación de solicitudes que se iniciou a partir do día seguinte ao da publicación do extracto de convocatoria no BOP de A Coruña, e finalizou ás 14.00 horas do 25 de novembro de 2020.

**CUARTO.** Por medio do decreto da Alcaldía núm. 1/2021 do 05/01/2021 constituíuse unha Comisión de Valoración co obxecto de revisar, ordenar e valorar as solicitudes presentadas ao abeiro da devandita convocatoria de bases específicas reguladoras das axudas do Concello de Abegondo, adherido ao Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia (PEL REACTIVA). A Comisión revisou e examinou todas as solicitudes de axudas presentadas e a documentación achegada en tempo e en forma, ben sexa coa solicitude inicial ou tralos requirimentos realizados para emendar a documentación presentada. A Comisión de Valoración elaborou o informe-proposta o 25/01/2021. Neste documento, dun xeito debidamente motivado, exprésanse as persoas ou a relación de solicitantes que cumpren os requisitos da convocatoria para os que propón a concesión da subvención e a súa contía, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite.

**QUINTO.** A interventora do Concello de Abegondo emitiu o 27/01/2021 o informe de fiscalización favorable para a concesión provisional das axudas ao abeiro da convocatoria de bases específicas reguladoras das axudas do PEL Reactiva no Concello de Abegondo.

**SEXTO.** Mediante resolución da Alcaldía núm. 36/2021 do 28/01/2021 (exp. 2021/G003/000031) aprobouse a concesión provisional das axudas ou subvencións correspondentes ao Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña (PEL REACTIVA), integrado no Plan de Emprego da Deputación da Coruña. Foi publicado o anuncio da resolución de concesión provisional na sede electrónica do Concello de Abegondo. Así mesmo, a resolución de concesión provisional foi notificada electronicamente de xeito individual a cada unha das persoas solicitantes das axudas Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña (PEL REACTIVA).

**SÉTIMO.** Mediante a resolución da Alcaldía núm. 70/2021 do 24/02/2021 acordouse incrementar a achega municipal da convocatoria das subvención ou axudas solicitadas ao Concello de Abegondo ao abeiro da convocatoria do Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña PEL-REACTIVA, por importe de dezaseis mil cincocentos euros (16.500,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 430/47900, co que queda un total dispoñible de cento vinte e catro mil euros (124.000,00 €).

**OITAVO.** Mediante resolución da Alcaldía núm. 71/2021 do 25/02/2021 (exp. 2021/G003/000074) resolvéronse as alegacións presentadas á resolución de concesión provisional e aprobouse a concesión definitiva das axudas ou subvencións correspondentes ao Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña (PEL REACTIVA), integrado no Plan de Emprego da Deputación da Coruña. Posteriormente, foi publicado o anuncio da resolución de concesión definitiva na sede electrónica do Concello de Abegondo. Así mesmo, a resolución de concesión definitiva foi notificada electronicamente de xeito individual a cada unha das persoas solicitantes das axudas Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña (PEL REACTIVA).

**NOVENO.** A Comisión de Valoración analizou a documentación presentada no prazo concedido para a xustificación e cuantificou os importes dos gastos subvencionables efectivamente xustificadas. Logo da revisión e de solicitar documentación complementaria naqueles expedientes que foi preciso, elaborou o informe-proposta o 23/04/2021 para a aprobación do pagamento das subvencións e no que se detalla aquelas subvencións das que procede o pagamento do importe total concedido, aquelas subvencións cuxos importes deben verse minorados por non xustificar a totalidade da cantidade concedida e aquelas nas que non procede o pagamento do importe concedido por non ter presentado a xustificación ou porque os gastos presentados non son subvencionables.

**DÉCIMO.** A interventora do Concello de Abegondo emitiu o 26/04/2021 o informe de fiscalización favorable para o pagamento das axudas concedidas ao abeiro da convocatoria de bases específicas reguladoras das axudas do PEL



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)



Reactiva no Concello de Abegondo e efectivamente xustificadas, de acordo co establecido na concesión definitiva e con base na xustificación dos gastos presentados.

### LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (BOE núm. 80 do 3 de abril de 1985)
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (BOE núm. 236 do venres 2 de outubro de 2015)
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236 do venres 2 de outubro de 2015)
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (DOG núm. 149 do 5 de agosto de 1997)
- A Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18.11.2003)
- O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia (DOG núm.121 do 25 de xuño de 2007)
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia (DOG núm. 20 do 29 de xaneiro de 2009)
- Ordenanza xeral de subvencións e transferencias aprobada polo pleno da Deputación Provincial da Coruña, publicada no BOP núm. 72 do 15 de abril de 2019
- A Lei 11/2020, do 30 de decembro, dos orzamentos xerais do estado para o ano 2021 (BOE núm. 341 do xoves, 31 de decembro de 2020)
- A Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos (BOE núm.150, do 23 de xuño de 2007)
- O Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes ( DOG núm. 241, do venres, 17 de decembro de 2010)
- O Real decreto 130/2019, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais
- Regulamento (UE) n.º 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013)
- Regulamento (UE) n.º 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, publicado no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) L 187, do 26 de xuño de 2014 (Anexo I)
- Resolución da Presidencia da Deputación da Coruña núm. 2020/23462, pola que se aproban as bases reguladoras das axudas PEL- REACTIVA: Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña destinado aos Concellos de menos de 50.000 habitantes, publicada no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP) núm. 123 do mércores, 5 de agosto de 2020 (Normas reguladoras PEL REACTIVA)
- Resolución número 2020/24109 de data 7 de agosto de 2020 pola que se modifica a resolución de presidencia núm. 2020/23462 de data 31 de xullo de 2020 pola que se avoca a competencia para aprobar as bases reguladoras das axudas PEL- REACTIVA: Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña
- Resolución número 2020/24338, do 12 de agosto de 2020, da Presidencia da Deputación da Coruña, pola que se aproba a convocatoria da liña de axudas 1.3. PEL- REACTIVA: Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña do Plan de Emprego Local (PEL 2020, BOP número 132 do martes, 18 de agosto de 2020)
- Resolución (C. Expediente: 2020000021805) pola que se que se considera cumprimentado o trámite de autorización da Xunta de Galicia para o exercicio legal da competencia establecida no marco do artigo 7.4 da LRBRL



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)



— Resolución número 2020/32931 de concesión definitiva de subvencións correspondentes ao Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña/PEL-REACTIVA (BOP núm. 181, do mércores, 28 de outubro de 2020)

— Bases específicas reguladoras das axudas do Concello de Abegondo, adherido ao Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia, aprobadas por medio do decreto da Alcaldía núm. 484/2020 do 03/11/2020

— Extracto da convocatoria de bases específicas reguladora das axudas do Concello de Abegondo, adherido ao Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña/PEL-REACTIVA (BOP núm. 189, do luns, 9 de novembro de 2020)

— Resolución n.º 2020/41312, de data 16 de decembro de 2020, pola que se aproba a ampliación do prazo de revisión e concesión das solicitudes recibidas polos concellos adheridos ao Fondo de Financiamento PEL-Reactiva (BOP núm. 218 do luns, 21 de decembro de 2020)

— Resolución do Presidente da Deputación do 25/01/2021 pola que se aproba a ampliación do prazo de revisión e concesión de solicitudes do Concello de Abegondo, adherido ao Fondo de Financiamento para a reactivación económica e social PEL-Reactiva (expte: 202000021805)

— Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)

— Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos

— Bases do Orzamento do Concello de Abegondo do ano 2020 prorrogado para o ano 2021

## CONSIDERACIÓNS

**PRIMEIRA.** Na resolución da Alcaldía núm. 71/2021 do 25/02/2021 de concesión definitiva faise constar a relación de axudas concedidas, as axudas desestimadas por non cumprir algúns dos requisitos establecidos, a aceptación da desistencia das solicitudes e as solicitudes non admitidas a trámite. O importe total concedido na dita resolución ascende a 124.000,00 euros.

**SEGUNDA.** Na resolución de concesión definitiva das subvencións relaciónanse as persoas beneficiarias das axudas, ordenadas por grupos e por puntuación e indícanse os importes concedidos a cada unha delas.

**TERCEIRA.** Na resolución de concesión definitiva faise constar que as persoas beneficiarias das axudas concedidas definitivamente, para poder recibir o pagamento do importe concedido, deberán presentar a documentación xustificativa de acordo co estipulado na base 12ª e 13ª das bases específicas das axudas do Concello de Abegondo, adherido ao Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña e na base 7ª e 8ª da norma 18ª- Bases específicas reguladoras das axudas de concellos adheridos ao Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia, contida nas Normas reguladoras do PEL-REACTIVA: Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña destinado aos concellos de menos de 50.000 habitantes.

**CUARTA.** O prazo establecido para a xustificación das axudas remataba o día 31 de marzo de 2021.

As persoas beneficiarias debían presentar telematicamente a través da sede electrónica do Concello de Abegondo os xustificantes de gasto ou facturas electrónicas escaneadas, efectivamente pagadas dentro do período subvencionable, correspondentes aos gastos subvencionables, ou documentos contables de valor probatorio equivalente. No caso de que as facturas non tivesen os conceptos de gasto debidamente especificados, deberían entregar un documento aclaratorio do seu contido, que debe axustarse aos conceptos subvencionados ao amparo desta convocatoria.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)



Deputación  
DA CORUÑA  
Plan de  
Emprego Local  
**PEL**

No caso de que o importe dos pagos xustificadas sexa inferior ao concedido, a achega municipal reducirase ata o importe efectivamente xustificado.

**QUINTA.** Para os efectos da xustificación teñen a consideración de gastos subvencionables dentro desta liña, aquelas actividades que estean dentro dos seguintes conceptos de gasto:

CONTA	DESCRICIÓN DA CONTA
601	Compra de material Material antiséptico ou desinfectante, produtos hixiénicos e de limpeza
621	Arrendamentos e canons Arrendamentos de maquinaria, vehículos, locais ou instalacións* Gasto directo *O arrendamento do local de negocio ou instalacións, sempre e cando non sexa parte da vivenda da persoa solicitante ou espazo compartido con outra empresa e non exista relación de parentesco ata 2.º grao de consanguinidade ou afinidade co/a arrendador/a do local, nin sexa socio/a ou participe da persoa física ou xurídica que actúe como arrendador/a. Así mesmo, exclúense os espazos de coworking. *O renting de maquinaria, máquinas, vehículos, etc.
622	Reparación e conservación Adaptación de locais ás medidas de protección fronte á COVID-19 (biombos de protección, etc). Gasto directo
625	Primas seguros Seguros de responsabilidade civil, seguros de accidentes. Gasto directo
628	Subministracións Auga, gas, combustibles, electricidade. Gasto directo

O IVE non se considerará en ningún caso gasto subvencionable.

**SEXTA.** O período subvencionable abarca dende o 1 de marzo de 2020 ata o 31 de decembro de 2020.

**SÉTIMA.** No caso de que o importe dos pagos xustificadas sexa inferior ao concedido, a achega municipal reducirase ata o importe efectivamente xustificado.

**OITAVA.** A Comisión de Valoración analizou a documentación presentada no prazo concedido para a xustificación e cuantificou os importes dos gastos subvencionables efectivamente xustificadas. Naqueles expedientes nos que non estaban debidamente especificados os gastos ou se precisaba maior aclaración, solicitouse a presentación de documentos aclaratorios mediante declaracións e documentación complementaria para acreditar suficientemente os gastos xustificadas, como a presentación dos modelos 115 e 180 e contratos de arrendamento no caso dos alugueiros, así como documentos contables dos gastos no caso de gastos pagados en efectivo.

Unha vez rematado o prazo de xustificación, admitiuse a achega de documentación complementaria como mellora da xustificación presentada. En todo caso, esta documentación está relacionada cos gastos xustificadas anteriormente e en ningún caso supón un gasto non presentado anteriormente, senón que se trata de documentos que complementan os presentados dentro do prazo da xustificación concedido e non supoñen un incremento do importe dos gastos inicialmente achegados.

No informe da Comisión de Valoración consta a proposta para a aprobación do pagamento das subvencións e no que se detalla aquelas subvencións das que procede o pagamento do importe total concedido, aquelas subvencións



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.





CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)



Deputación  
DA CORUÑA  
Plan de  
Emprego Local **PEL**

cuxos importes deben verse minorados por non xustificar a totalidade da cantidade concedida e aquelas nas que non procede o pagamento do importe concedido por non ter presentado a xustificación ou porque os gastos presentados non son subvencionables. Concretamente propónse o seguinte:

1. As persoas beneficiarias da subvención, de acordo coa resolución de concesión definitiva, que se relacionan a continuación achegaron a documentación para a xustificación dos gastos por importe igual ou superior ao importe concedido. A xustificación foi presentada dentro do prazo establecido. Os gastos presentados como xustificantes considéranse subvencionables de acordo co establecido nas bases reguladoras e axústanse aos criterios establecidos. Polo tanto, procede o pagamento da subvención polo importe total concedido, tal e como se indica:

NÚM. EXP.	NIF/CIF	GRUPO	CONCEDIDO	IMPORTE PAGO
<b>GRUPO I</b>				
2020/A003/000506	****2800*	I	3000	3000
2020/A003/000519	****3297*	I	3000	3000
2020/A003/000537	****6002*	I	2500	2500
2020/A003/000540	****2477*	I	2500	2500
2020/A003/000511	***3663**	I	3000	3000
2020/A003/000486	***5969**	I	2500	2500
2020/A003/000484	***5304**	I	2500	2500
2020/A003/000497	***6058**	I	2000	2000
2020/A003/000525	***3353**	I	2500	2500
2020/A003/000542	***9275**	I	2000	2000
2020/A003/000548	****7211*	I	2500	2500
2020/A003/000510	***5695**	I	2500	2500
2020/A003/000518	***4850**	I	3000	3000
2020/A003/000546	***4322**	I	2500	2500
2020/A003/000503	***6382**	I	2000	2000
2020/A003/000460	***7883**	I	2000	2000
2020/A003/000483	***7372**	I	2000	2000
2020/A003/000485	***6276**	I	2000	2000
2020/A003/000499	***9024**	I	2500	2500
2020/A003/000507	***0838**	I	2500	2500
2020/A003/000467	****0473*	I	1500	1500
2020/A003/000465	***6909**	I	1500	1500
2020/A003/000466	***2732**	I	1500	1500
2020/A003/000481	***3870**	I	1500	1500
2020/A003/000489	***7622**	I	1500	1500



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



**CONCELLO**  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)



**Deputación**  
**DA CORUÑA**  
Plan de  
Emprego Local **PEL**

2020/A003/000495	***6937**	I	1500	1500
2020/A003/000504	***0197**	I	1500	1500
2020/A003/000505	***6891**	I	1500	1500
2020/A003/000513	***8142**	I	1500	1500
2020/A003/000524	***0390**	I	1500	1500
2020/A003/000490	****5559*	I	1500	1500
2020/A003/000539	****1888*	I	1500	1500
2020/A003/000472	***8965**	I	1500	1500
2020/A003/000473	***2286**	I	1500	1500
2020/A003/000487	***3841**	I	1500	1500
2020/A003/000500	***1305**	I	1500	1500
2020/A003/000502	***1762**	I	1500	1500
2020/A003/000512	***9035**	I	1500	1500
<b>IMPORTE GRUPO I</b>				<b>76.000</b>
<b>GRUPO II</b>				
2020/A003/000479	****0992*	II	2500	2500
2020/A003/000529	***9243**	II	2000	2000
2020/A003/000498	***8349**	II	1500	1500
<b>IMPORTE GRUPO II</b>				<b>6.000</b>
<b>GRUPO III</b>				
2020/A003/000469	****7228*	III	3000	3000
2020/A003/000535	****8507*	III	2500	2500
2020/A003/000482	****0982*	III	2500	2500
2020/A003/000515	***3542**	III	2500	2500
2020/A003/000528	***6707**	III	2000	2000
2020/A003/000550	***5917**	III	1500	1500
<b>IMPORTE GRUPO III</b>				<b>14.000</b>
<b>IMPORTE TOTAL</b>				<b>96.000</b>

2. As persoas beneficiarias da subvención, de acordo coa resolución de concesión definitiva, que se relacionan a continuación achegaron a documentación para a xustificación dos gastos por importe inferior ao concedido, polo que a contía da subvención debe minorarse. A xustificación foi presentada dentro do prazo establecido. Os gastos presentados como xustificantes considéranse subvencionables de acordo co disposto nas bases reguladoras e axústanse aos criterios establecidos. Polo tanto, procede a minoración do importe concedido e o pagamento da subvención polo importe que foi efectivamente xustificado, tal e como se indica:

NÚM. EXP.	NIF/CIF	GRUPO	CONCEDIDO	IMPORTE PAGO
-----------	---------	-------	-----------	--------------



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



**CONCELLO**  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)



**Deputación**  
**DA CORUÑA**  
Plan de  
Emprego Local **PEL**

GRUPO I				
2020/A003/000491	****0877*	I	3000	2366,12
2020/A003/000517	***4305**	I	2500	981,27
2020/A003/000552	***7675**	I	2500	259,81
2020/A003/000538	***9882**	I	2000	1745,56
2020/A003/000471	***1336**	I	1500	164,47
2020/A003/000478	***1032**	I	1500	738,71
2020/A003/000477	***7288**	I	1500	806,92
2020/A003/000533	***1382**	I	1500	668,69
<b>IMPORTE GRUPO I</b>				<b>7.731,55</b>
GRUPO II				
2020/A003/000462	***3262**	II	1500	1263,42
2020/A003/000523	***9794**	II	1500	1378,47
<b>IMPORTE GRUPO II</b>				<b>2.641,89</b>
<b>IMPORTE TOTAL</b>				<b>10.373,44</b>

3. As persoas beneficiarias da subvención, de acordo coa resolución de concesión definitiva, que se relacionan a continuación presentaron a documentación para a xustificación dos gastos dentro do prazo establecido, mais os gastos presentados como xustificantes considéranse NON subvencionables de acordo co establecido nas bases reguladoras. Polo tanto, NON procede o pagamento da subvención ás seguintes persoas:

NÚM. EXP.	NIF/CIF	GRUPO	CONCEDIDO	IMPORTE XUSTIFICADO SUBVENCIONABLE	IMPORTE PAGO
GRUPO II					
2020/A003/000480	***0107**	II	1500	0,00	0,00
2020/A003/000530	****8607*	II	1500	0,00	0,00

4. As persoas beneficiarias da subvención, de acordo coa resolución de concesión definitiva, que se relacionan a continuación NON achegaron ningunha documentación para a xustificación dos gastos dentro do prazo establecido. Polo tanto, NON procede o pagamento da subvención ás seguintes persoas:

NÚM. EXP.	NIF/CIF	GRUPO	CONCEDIDO	IMPORTE XUSTIFICADO	IMPORTE PAGO
GRUPO I					
2020/A003/000541	***2113**	I	1500	0,00	0,00
2020/A003/000494	***4948**	I	1500	0,00	0,00
2021/A003/000001	***0820**	I	1500	0,00	0,00
GRUPO II					



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.





**C O N C E L L O**  
D E  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)



**Deputación**  
**DA CORUÑA**  
Plan de  
Emprego Local **PEL**

2020/A003/000547	***7898**	II	1500	0,00	0,00
------------------	-----------	----	------	------	------

**Logo de ver canto antecede, e á vista do informe da Comisión de Valoración e o informe de fiscalización de Intervención, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable, é polo que se PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

**PRIMEIRO.** A disposición e recoñecemento da obriga polos gastos das axudas concedidas polo Concello de Abegondo ao abeiro do programa PEL REACTIVA: Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña, con cargo á aplicación orzamentaria 430/47900 e por importe total de cento seis mil trescentos setenta e tres euros con corenta e catro céntimos (106.373,44 €), segundo se detalla a continuación:

**1. Subvencións polo importe concedido na resolución definitiva, e efectivamente xustificado na súa totalidade (igual ou superior ao concedido), ás persoas solicitantes que se relacionan a continuación, ordenadas por grupos e por puntuación e segundo os importes que se indican:**

NÚM. EXP.	NIF/CIF	GRUPO	CONCEDIDO	IMPORTE PAGO
<b>GRUPO I</b>				
2020/A003/000506	****2800*	I	3000	3000
2020/A003/000519	****3297*	I	3000	3000
2020/A003/000537	****6002*	I	2500	2500
2020/A003/000540	****2477*	I	2500	2500
2020/A003/000511	***3663**	I	3000	3000
2020/A003/000486	***5969**	I	2500	2500
2020/A003/000484	***5304**	I	2500	2500
2020/A003/000497	***6058**	I	2000	2000
2020/A003/000525	***3353**	I	2500	2500
2020/A003/000542	***9275**	I	2000	2000
2020/A003/000548	****7211*	I	2500	2500
2020/A003/000510	***5695**	I	2500	2500
2020/A003/000518	***4850**	I	3000	3000
2020/A003/000546	***4322**	I	2500	2500
2020/A003/000503	***6382**	I	2000	2000
2020/A003/000460	***7883**	I	2000	2000
2020/A003/000483	***7372**	I	2000	2000
2020/A003/000485	***6276**	I	2000	2000
2020/A003/000499	***9024**	I	2500	2500
2020/A003/000507	***0838**	I	2500	2500



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)



Deputación  
DA CORUÑA  
Plan de  
Emprego Local **PEL**

2020/A003/000467	****0473*	I	1500	1500
2020/A003/000465	***6909**	I	1500	1500
2020/A003/000466	***2732**	I	1500	1500
2020/A003/000481	***3870**	I	1500	1500
2020/A003/000489	***7622**	I	1500	1500
2020/A003/000495	***6937**	I	1500	1500
2020/A003/000504	***0197**	I	1500	1500
2020/A003/000505	***6891**	I	1500	1500
2020/A003/000513	***8142**	I	1500	1500
2020/A003/000524	***0390**	I	1500	1500
2020/A003/000490	****5559*	I	1500	1500
2020/A003/000539	****1888*	I	1500	1500
2020/A003/000472	***8965**	I	1500	1500
2020/A003/000473	***2286**	I	1500	1500
2020/A003/000487	***3841**	I	1500	1500
2020/A003/000500	***1305**	I	1500	1500
2020/A003/000502	***1762**	I	1500	1500
2020/A003/000512	***9035**	I	1500	1500
<b>IMPORTE GRUPO I</b>				<b>76.000</b>
<b>GRUPO II</b>				
2020/A003/000479	****0992*	II	2500	2500
2020/A003/000529	***9243**	II	2000	2000
2020/A003/000498	***8349**	II	1500	1500
<b>IMPORTE GRUPO II</b>				<b>6.000</b>
<b>GRUPO III</b>				
2020/A003/000469	****7228*	III	3000	3000
2020/A003/000535	****8507*	III	2500	2500
2020/A003/000482	****0982*	III	2500	2500
2020/A003/000515	***3542**	III	2500	2500
2020/A003/000528	***6707**	III	2000	2000
2020/A003/000550	***5917**	III	1500	1500
<b>IMPORTE GRUPO III</b>				<b>14.000</b>
<b>IMPORTE TOTAL</b>				<b>96.000</b>

**2. Subvencións polo importe efectivamente xustificado (inferior ao concedido), o que supón unha minoración deste e polo tanto unha perda parcial do dereito ao cobro respecto do importe concedido na resolución**



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



**CONCELLO**  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)



**Deputación**  
**DA CORUÑA**  
Plan de  
Emprego Local **PEL**

definitiva, ás persoas solicitantes que se relacionan a continuación, ordenadas por grupos e por puntuación e segundo os importes que se indican:

NÚM. EXP.	NIF/CIF	GRUPO	CONCEDIDO	IMPORTE XUSTIFICADO PARA PAGO	IMPORTE PERDA DEREITO DE COBRO
<b>GRUPO I</b>					
2020/A003/000491	****0877*	I	3000	2366,12	633,88
2020/A003/000517	***4305**	I	2500	981,27	1518,73
2020/A003/000552	***7675**	I	2500	259,81	2240,19
2020/A003/000538	***9882**	I	2000	1745,56	254,44
2020/A003/000471	***1336**	I	1500	164,47	1335,53
2020/A003/000478	***1032**	I	1500	738,71	761,29
2020/A003/000477	***7288**	I	1500	806,92	693,08
2020/A003/000533	***1382**	I	1500	668,69	831,31
<b>IMPORTE GRUPO I</b>				<b>7.731,55</b>	<b>8268,45</b>
<b>GRUPO II</b>					
2020/A003/000462	***3262**	II	1500	1263,42	236,58
2020/A003/000523	***9794**	II	1500	1378,47	121,53
<b>IMPORTE GRUPO II</b>				<b>2.641,89</b>	<b>358,11</b>
<b>IMPORTE TOTAL</b>				<b>10.373,44</b>	<b>8.626,56</b>

**SEGUNDO.** Ordenar o pagamento ás persoas beneficiarias nas contas bancarias da súa titularidade que constan no expediente, polos importes detallados anteriormente, e que ascende a un importe total de cento seis mil trescentos setenta e tres euros con corenta e catro céntimos (106.373,44 €).

**TERCEIRO.** Declarar a perda do dereito de cobro da subvención concedida na resolución definitiva e polo tanto denegar o pagamento das subvencións ás persoas solicitantes que se relacionan a continuación, ordenadas por grupos e polos motivos que se indican:

NÚM. EXP. PERSOA INTERESADA	NIF/CIF	GRUPO	CONCEDIDO	IMPORTE XUSTIFICADO	IMPORTE PERDA DEREITO DE COBRO
<b>GRUPO I</b>					
2020/A003/000541	***2113**	I	1500	0,00 Non presenta xustificación de gastos	1500
2020/A003/000494	***4948**	I	1500	0,00 Non presenta xustificación de gastos	1500



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)



Deputación  
DA CORUÑA  
Plan de  
Emprego Local  
**PEL**

2021/A003/000001	***0820**	I	1500	0,00 Non presenta xustificación de gastos	1500
<b>GRUPO II</b>					
2020/A003/000547	***7898**	II	1500	0,00 Non presenta xustificación de gastos	1500
2020/A003/000480	***0107**	II	1500	0,00 Gastos presentados non subvencionables	1500
2020/A003/000530	****8607*	II	1500	0,00 Gastos presentados non subvencionables posto que non se corresponden con gastos da persoa xurídica solicitante	1500
IMPORTE				<b>0</b>	<b>9.000</b>

**CUARTO.** Anular o gasto comprometido por importe total de dezasete mil seiscentos vinte e seis euros con cincuenta e seis céntimos (17.626,56 €), con base nos importes da perda do dereito ao cobro polas contías non xustificadas.

**QUINTO.** Publicar esta resolución na sede electrónica do Concello de Abegondo (sede.abegondo.gal) e no taboleiro de edictos da Casa do Concello e notificar por medios electrónicos esta resolución ás persoas interesadas.

**SEXTO.** Remitir os datos das axudas concedidas á Base de Datos Nacional de Subvencións.

**SÉTIMO.** Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación.”

O que se publica para o seu coñecemento e efectos.

Abegondo, 30 de abril de 2021

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

De acordo coa orientación da Axencia Española de Protección de Datos para a aplicación provisional da disposición adicional sétima da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, a publicación dos documentos de identidade NIF, NIE e CIF reflíctense da seguinte maneira:

- NIF. Publícanse os díxitos que no formato ocupen as posicións cuarta, quinta, sexta e sétima e o resto de cifras ou caracteres alfabéticos con asterisco (\*). Ex. O documento L12345678X publícase \*\*\*4567\*\*
- NIE. Publícanse os díxitos que no formato ocupen as posicións, evitando o primeiro carácter alfabético, cuarta, quinta, sexta e sétima e o resto de cifras ou caracteres alfabéticos con asterisco (\*). Ex. O documento L1234567X publícase \*\*\*\*4567\*
- CIF. Publícanse os caracteres numéricos, evitando os caracteres alfabéticos, que no formato ocupen as posicións cuarta, quinta, sexta e sétima e o resto de cifras ou caracteres alfabéticos con asterisco (\*). Ex. O documento L12345678 publícase \*\*\*\*4567\*



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.